

Consello de Contas  
de Galicia



**PLAN ANUAL DE TRABAJO  
EXERCICIO 2017**



## ÍNDICE

<b>I. INTRODUCCIÓN .....</b>	<b>3</b>
<b>II. PROGRAMA DE FISCALIZACIÓNS .....</b>	<b>4</b>
II.1. OBXECTIVOS .....	4
II.2. ACTUACIÓNS PROGRAMADAS .....	5
II.3. PROPOSTA DE ACTUACIÓNS POR ÁREAS .....	8
II.3.1. ÁREA DE COORDINACIÓN XERAL.....	8
II.3.2. ÁREA DE CONTA XERAL.....	9
II.3.3. ÁREA DO SERGAS .....	11
II.3.4. ÁREA DE INSTITUCIONAL .....	12
II.3.5. ÁREA DE CORPORACIÓNS LOCAIS .....	14
<b>III. PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN .....</b>	<b>18</b>
III.1. OBXECTIVOS XERAIS .....	18
III.2. ACTUACIÓNS DE AVALIACIÓN DOS SISTEMAS DE PREVENCIÓN.....	19
III.3. PROPOSTA DE ACTUACIÓNS POR ÁREAS .....	20
<b>IV. OUTRAS ACTUACIÓNS.....</b>	<b>21</b>
<b>V. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS .....</b>	<b>21</b>





## I. INTRODUCCIÓN

O Consello de Contas, dependente do Parlamento de Galicia, é o órgano competente para a fiscalización externa da xestión económica, financeira e contable do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como para o asesoramento ao Parlamento de Galicia en materia económico-financiera e para exercer a función de prevención da corrupción no ámbito da actividade económico-financiera do sector público da Comunidade Autónoma.

A nova Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do Consello de Contas, atribúe a esta Institución as seguintes competencias en materia de prevención da corrupción: a) colaborar coas Administracións suxeitas ao seu ámbito de actuación e facerlles propostas na elaboración de manuais de xestión de riscos; b) comprobar os sistemas de prevención da corrupción que se poñan en marcha; c) asesorar sobre os instrumentos normativos máis axeitados para previr e reprimir a corrupción; d) fomentar na sociedade civil e, particularmente, no ámbito empresarial a transparencia e o comportamento ético nas súas relacións co sector público.

Conforme ao establecido no artigo 7.3 m) e 10.2 bis da Lei 6/1985, do Consello de Contas, o Pleno da Institución aproba un plan anual de traballo no que se integra o programa de actividades elaborado pola Sección de Prevención da Corrupción. O proxecto de Regulamento de Réxime interior, aprobado polo Pleno o 15 de xullo de 2016, establece que *"Durante o último trimestre do ano, o Consello de Contas elaborará o plan anual de traballo que conterá as actuacións a desenvolver no exercicio seguinte, indicando as razóns que motivan a súa realización e o seu ámbito subxectivo, obxectivo e temporal, e no que se integrará o programa de actividades da Sección de Prevención da Corrupción"*.

A actividade do Consello vai manter as liñas de traballo fundamentais seguidas nos últimos exercicios, así como as novas liñas enmarcadas nas funcións asumidas tras a reforma da súa lei reguladora, e que se plasman nos seguintes obxectivos:

- Contribuír á mellora da calidade da actividade económico-financiera pública e ao bo goberno, con especial fincapé na revisión de prácticas que poidan propiciar a fraude e a corrupción, co desempeño dunha actuación fiscalizadora de calidade e co fortalecemento da posición do Consello de Contas.
- Dotar e garantir a máxima calidade dos traballos de fiscalización co deseño dun sistema de control de calidade e a confección dun manual de procedementos, así como coa elaboración de guías de fiscalización.

- Procurar o acercamento temporal da actividade de control ao momento no que se producen os feitos suxeitos á fiscalización e o acurtamento dos prazos de execución.
- Reforzar o control do sector público autonómico e local, con fiscalizacións tanto específicas como horizontais, dando prioridade a aquelas áreas que impliquen maior risco e avanzar nas fiscalizacións do control interno e nas operativas. No control sobre o sector público local realizarase, sen deixar de atender ás fiscalizacións horizontais do control interno dos concellos, a explotación da información contractual do sector público local, e dos reparos e informes formulados pola Intervención e dos acordos adoptados contrarios aos informes do secretario da entidade local.
- Colaborar na implantación no sector público autonómico de sistemas de control de prevención da corrupción que permitan garantir o comportamento ético dos xestores públicos, e fomentar a conciencia e a participación cidadá a favor da transparencia e dese comportamento ético.
- Fomentar a profesionalización do persoal da Institución mediante a mellora continuada da súa cualificación profesional, en función das necesidades que teñen tanto as áreas nas que se estrutura a mesma como cada un dos postos de traballo.
- Apostar firmemente pola utilización xeneralizada das Tecnoloxías de Información e Comunicación, e polo impulso do emprego masivo de ferramentas informáticas nos traballos de fiscalización e prevención da corrupción co fin de gañar en eficiencia e produtividade nos traballos desenvolvidos.

## II. PROGRAMA DE FISCALIZACIÓNS

### II.1. OBXECTIVOS

O programa de fiscalizacións para o ano 2017, enmarcado nas liñas programáticas definidas no punto anterior, ten como prioridade, unha vez máis, a selección de áreas de risco especialmente relevantes na xestión económico-financeira do sector público, que completen ademais a análise efectuada nos informes de Conta Xeral como son ás áreas de contratación ou xestión de persoal.

Ademais, o Consello intensificará o seguimento das recomendacións da Institución sobre a xestión económico-financeira pública incluídas nos informes de fiscalización, así como das resolucións sobre os mesmos efectuadas polo Parlamento de Galicia. Este seguimento realizarase sobre tódolos informes de fiscalización a partir da información que se recabe dos contadantes, e completarase con outros informes de fiscalización específica de recomendacións que se aproban neste plan anual de traballo. O seguimento das recomendacións verificarase, ademais, no ámbito da Administración autonómica no seo da Comisión Mixta Consello de Contas-Intervención Xeral.



Con carácter transversal, tamén se incorporará á actividade de control a verificación do cumprimento dos principios de transparencia establecidos pola normativa de transparencia e bo goberno e das prescricións que establece a Lei orgánica para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se incorporará a tódolos informes de fiscalización.

De forma complementaria ás actuacións en materia de prevención, considerarase na planificación dos traballos de fiscalización a inclusión da avaliación do control interno orientado aos sistemas de prevención, cuxos resultados se incorporarán aos informes.

Nos diferentes traballos de fiscalización, na medida en que os ámbitos de actuación definidos o permitan, atenderanse os acordos do Pleno relativos á toma en consideración das comunicacións ou denuncias de persoas físicas ou xurídicas presentadas no Consello.

Por ultimo, a través da Comisión Mixta Consello de Contas-Intervención Xeral da Comunidade Autónoma tívose en conta a planificación anual realizada polos órganos de control interno e ademais programáronse actuacións en coordinación co Tribunal de Cuentas.

## II.2. ACTUACIÓNS PROGRAMADAS

O Plan anual distingue as fiscalizacións que se realizan en cumprimento dun mandato legal, as realizadas atendendo as recomendacións do Parlamento de Galicia, as previstas en colaboración co Tribunal de Cuentas e as programadas por iniciativa do Consello de Contas. Coa finalidade de visualizar e dispoñer dunha mellor información sobre o desenvolvemento das actuacións durante el exercicio 2017, e tendo en conta que o proceso de execución das fiscalizacións previstas no plan de traballo realízase ao longo de varios exercicios, preséntase a programación correspondente ao ano natural, na que se incorporan tamén os informes en execución correspondentes a un plan anterior.

Iniciativa da actuación fiscalizadora	Programa	Ano previsto de aprobación	
		2017	2018
<b><i>Fiscalizacións que se realizan en cumprimento dun mandato legal</i></b>			
Conta Xeral da Comunidade Autónoma e declaración definitiva, exercicio 2015	2017	✓	
Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, exercicio 2015	2017	✓	
Fondos de Compensación Interterritorial, exercicio 2015	2017	✓	
Gastos electorais. Eleccións ao Parlamento de Galicia do 25 de setembro de 2016	2017	✓	
Análise da rendición das Contas Xerais das entidades locais e notificación do estado de rendición, con proposta de corrección das anomalías detectadas	2017	✓	
Informe da Conta Xeral das entidades locais, exercicio 2015	2017	✓	
Informe do sector público local, exercicio 2015	2016	✓	

Iniciativa da actuación fiscalizadora	Programa	Ano previsto de aprobación	
		2017	2018
<b><i>Fiscalizacións que se realizan atendendo ás recomendacións do Parlamento de Galicia</i></b>			
Informe financeiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2015	2017	✓	
Informe de fiscalización do concerto co Hospital POVISA	2016	✓	
Informe sobre o endebedamento das entidades locais de Galicia, exercicio 2015	2017	✓	
<b><i>Fiscalizacións en colaboración co Tribunal de Contas</i></b>			
Fiscalización dos plans de racionalización do sector público instrumental	2017		✓
Fiscalizacións selectivas das resolucións e acordos contrarios aos reparos formulados polas Intervencións locais das Deputacións provinciais e dos concellos de poboación de 10.001 a 20.000 habitantes	2017	✓	
<b><i>Fiscalizacións programadas a iniciativa do Consello de Contas</i></b>			
Fondos procedentes da Unión Europea, exercicio 2015	2017	✓	
Seguimento das recomendacións formuladas polo Consello de Contas de Galicia en informes de fiscalización dos exercicios 2012 e 2013	2016	✓	
Seguimento das recomendacións incluídas no informe de fiscalización da contratación pública, exercicios 2010-2011	2017		✓
Informe de fiscalización dos gastos de persoal na Administración xeral da Comunidade Autónoma	2017		✓
Informe de fiscalización do programa de gasto 131A Administración de Xustiza, exercicio 2015	2017		✓
Informe de fiscalización do programa de gasto 713E Benestar Animal e Sanidade Vexetal	2016	✓	
Informe de fiscalización do gasto en centros residenciais de atención ás persoas maiores dependentes e persoas con discapacidade	2016	✓	
Informe de fiscalización da Conta de Tesourería da Comunidade Autónoma, exercicio 2014	2016	✓	
Informe de fiscalización de ingresos non tributarios da Comunidade Autónoma, exercicio 2014	2016	✓	
Informe de fiscalización do contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo	2017		✓
Informe de fiscalización do inventario de bens do Servizo Galego de Saúde	2017	✓	
Informe de seguimento das recomendacións incluídas nos informes de fiscalización da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (exercicio 2010), do Instituto Galego de Oftalmoloxía (exercicio 2011) e da Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria (exercicio 2012)	2017	✓	
Informe de fiscalización da responsabilidade patrimonial no ámbito do Servizo Galego de Saúde	2017		✓
Informe de fiscalización do servizo de limpeza hospitalario	2015	✓	
Informe de fiscalización da contratación na Área do Servizo Galego de Saúde	2015	✓	
Informe de fiscalización relativo ao traslado de doentes en medios extraordinarios de transporte non urxente	2016	✓	
Informe de fiscalización relativa á área de Farmacia Hospitalaria	2016	✓	
Informe de fiscalización da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061	2016	✓	
Fiscalización das universidades públicas galegas	2017		✓



Iniciativa da actuación fiscalizadora	Programa	Ano previsto de aprobación	
		2017	2018
Seguimento das recomendacións formuladas nos informes das cámaras de comercio galegas, exercicios 2010-2011	2017		✓
Fiscalización selectiva das fundacións do sector público autonómico	2016	✓	
Fiscalización dos contratos de construción e xestión das autovías financiadas mediante peaxe en sombra	2016	✓	
Fiscalización selectiva daqueles concellos de poboación superior a 75.000 habitantes nos que os recoñecementos extraxudiciais de obrigas supuxeron unha maior porcentaxe respecto do total de obrigas recoñecidas durante o exercicio 2014, excepto o Concello de Ourense	2016	✓	
Fiscalización do Concello de Ourense, exercicio 2015	2016	✓	
Fiscalizacións dos concellos de Marín, Oleiros e O Barco de Valdeorras, exercicio 2013	2015	✓	

## **II.3. PROPOSTA DE ACTUACIÓNS POR ÁREAS**

### **II.3.1. ÁREA DE COORDINACIÓN XERAL**

#### **II.3.1.1. Fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial, exercicio 2015**

Esta fiscalización dá cumprimento á esixencia imposta pola Lei 22/2001, reguladora dos Fondos de Compensación Interterritorial (en adiante FFCCII), que establece a obriga para o Consello de Contas de Galicia de elaborar un informe separado e suficiente de todos os proxectos financiados con cargo aos FFCCII, para sometelo ao control do Parlamento de Galicia.

A fiscalización terá como obxectivos principais a comprobación da legalidade e a regularidade das operacións e a determinación dos índices de execución dos proxectos financiados ou cofinanciados polos FFCCII durante o exercicio 2015.

#### **II.3.1.2. Fiscalización dos fondos procedentes da Unión Europea, exercicio 2015**

A fiscalización dos Fondos Estruturais, Fondo de Cohesión e os Instrumentos Financeiros, sen prexuízo das competencias que ten atribuídas o Tribunal de Cuentas Europeo, levarase a cabo polo Consello de Contas, xa que os seus programas de gastos e os seus recursos constitúen unha parte cuantitativa e cualitativa moi relevante dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

O traballo desenvolverase para dar cumprimento a un dobre obxectivo: auditoría financeira, que terá por obxecto a análise de conformidade sobre se as contas asociadas á execución dos Fondos Europeos que recibe Galicia presentan unha información completa e exacta das operacións desenvolvidas no exercicio 2015; e, por outra banda, fiscalización de cumprimento da legalidade dos proxectos financiados con Fondos Europeos.

#### **II.3.1.3. Fiscalización dos gastos electorais das eleccións ao Parlamento de Galicia do 25 de setembro de 2016**

A Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, reformada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, establece no seu artigo 2.2 que quedan sometidos á actuación do Consello de Contas, na medida necesaria para o axeitado exercicio das funcións deste órgano: "b) As formacións políticas e as fundacións e entidades vinculadas ás formacións políticas ou vinculadas a elas, exclusivamente no que atinxe á xustificación das subvencións que reciban dalgunha das entidades ás que se refire o punto 1 deste artigo e sen prexuízo das competencias do Tribunal de Contas e do establecido na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos."

Pola súa parte, a Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas, atribúe ao Consello de Contas de Galicia a



función fiscalizadora de comprobación da regularidade das contabilidades electorais no seu ámbito de competencias, así como a fiscalización do cumprimento dos requisitos que esixe o artigo 17 desa norma ás formacións políticas beneficiarias das subvencións para gastos electorais.

Segundo o mesmo texto legal, dentro dos seis meses posteriores ás eleccións o Consello de Contas emitirá informe razoado e detallado no que se pronunciará, no exercicio da súa función fiscalizadora, sobre a regularidade da contabilidade electoral, así como sobre o cumprimento dos requisitos previstos no artigo 17 da lei, respecto de cada unha das formacións políticas. O informe deberá ser elevado ao Parlamento de Galicia, coa remisión de copias á Xunta de Galicia, ás formacións políticas afectadas e ao Tribunal de Contas.

Para cumprir este mandato legal, a fiscalización programada orientarase á consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- Comprobar o cumprimento da legalidade aplicable en materia de financiamento asociado aos ingresos e gastos electorais das eleccións autonómicas do 25 de setembro de 2016.
- Asegurar a representatividade da contabilidade electoral rendida.
- Verificar o grao de xustificación documental dos rexistros contables.
- Realizar un pronunciamento expreso sobre a adxudicación ou non adxudicación das subvencións electorais.

## **II.3.2. ÁREA DE CONTA XERAL**

### **II.3.2.1. Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma e declaración definitiva, exercicio 2015**

O artigo 25 da Lei 6/1985, do Consello de Contas, sinala que "O Consello de Contas, por delegación do Parlamento de Galicia, procederá ao exame e comprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma dentro do prazo de 6 meses, a partir da data na que se rendera. O Pleno ditará a declaración definitiva que lle mereza para elevala ao Parlamento...".

Os obxectivos deste informe son verificar se a información rendida é completa e permite trasladar ao Parlamento unha opinión fiable da situación e actividade dos centros públicos da Administración da Comunidade Autónoma, determinar se a Conta da Administración reflicte razoablemente a imaxe fiel do patrimonio, dos resultados e da liquidación do orzamento; e ofrecer a información necesaria para interpretar correctamente a situación financeira da Administración, completando o contido das contas nos casos nos que se estime necesario.

### **II.3.2.2. Informe de seguimento das recomendacións incluídas no informe de fiscalización da contratación da Comunidade Autónoma, exercicios 2010-2011**

A necesidade de comprobación do cumprimento das recomendacións formuladas en informes anteriores é unha esixencia derivada da normativa reguladora do Consello, das recomendacións do Parlamento e das propias directrices de traballo establecidas polo Pleno.

O ámbito subxectivo, obxectivo e temporal do traballo é o definido no informe de fiscalización que inclúe as recomendacións obxecto de seguimento.

### **II.3.2.3. Informe de fiscalización dos gastos de persoal na Administración xeral da Comunidade Autónoma**

O importante peso do gasto deste capítulo e as medidas adoptadas en materia de emprego público para a contención do mesmo xustifican a inclusión deste traballo. Trátase ademais dunha área de risco que vén a profundizar na análise deste gasto realizada na Conta Xeral da Comunidade Autónoma.

O ámbito subxectivo estará referido á Administración xeral, sen prexuízo do cómputo do gasto no ámbito agregado do sector público autonómico.

O ámbito obxectivo abarcará a evolución do gasto; a realización dunha análise comparativa con outras Comunidades Autónomas; os procesos de incorporación de persoal no contexto da racionalización; e análise da eficacia das medidas de axuste aprobadas, o seu impacto na política de persoal, e estudo comparado das medidas adoptadas no ámbito das diferentes Comunidades Autónomas.

O ámbito temporal estenderase aos últimos cinco exercicios orzamentarios 2011-2015.

### **II.3.2.4. Informe de fiscalización do programa de gasto 131A Administración de Xustiza, exercicio 2015**

A finalidade xeral que persegue este programa é dar soporte á Administración de Xustiza en Galicia, incidindo especialmente na posta en marcha de actuacións tendentes ao seu mellor funcionamento e modernización. Integra para elo unha serie de políticas instrumentais coa finalidade de dotar os medios de soporte da Administración de Xustiza, no marco da programación operativa e estratéxica da Comunidade Autónoma.

O ámbito subxectivo estará referido á Administración xeral, en concreto á Dirección Xeral de Xustiza,



órgano xestor do programa incardinado na Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Xustiza e Administración Local.

O ámbito obxectivo referirase á evolución do gasto do programa e a realización dunha análise comparativa do mesmo con outras CCAA, así como sobre o cumprimento dos obxectivos das principais liñas de actuación previstas no mesmo.

O ámbito temporal refírese ao exercicio 2015, podendo non obstante estenderse a exercicios anteriores aos efectos de conseguir os obxectivos da fiscalización.

### **II.3.3. ÁREA DO SERGAS**

#### **II.3.3.1. Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, exercicio 2015**

O obxectivo principal da fiscalización é a análise da liquidación orzamentaria do exercicio, cun plantexamento similar ao de anteriores informes. As actuacións a levar a cabo centraranse na execución do orzamento consolidado de ingresos e de gastos, coa finalidade de determinar a situación económico-financeira do sistema público de saúde de Galicia. Serán obxecto de especial verificación as modificacións orzamentarias e as obrigas pendentes de recoñecer a fin de exercicio.

Por outra banda, examinaranse diferentes aspectos da xestión do organismo, como a evolución do gasto farmacéutico, os concertos e os instrumentos de relación coas fundacións e sociedades públicas sanitarias e o seu financiamento.

#### **II.3.3.2. Informe de fiscalización do contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo**

A finalidade desta fiscalización é a análise do contrato de concesión de obras públicas do hospital de Vigo para a redacción do proxecto técnico, financiamento, construción e explotación de determinados servizos non clínicos do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

Os traballos a levar a cabo centraranse nas actuacións preparatorias do contrato, así como na súa execución ata a posta a disposición do hospital á Xunta de Galicia.

#### **II.3.3.3. Informe de fiscalización do inventario de bens do Servizo Galego de Saúde**

A finalidade desta fiscalización é complementar o informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo

Galego de Saúde e coñecer a natureza e cualificación dos bens e dereitos integrantes do patrimonio do organismo autónomo, así como a súa situación, uso e destino.

A tal efecto, analizaranse os procedementos utilizados para a incorporación ao inventario dos distintos bens así como o seu correcto rexistro e valoración, as ferramentas de xestión empregadas, o grao de actualización do inventario e a súa correspondencia cos datos contidos no balance da entidade.

#### **II.3.3.4. Informe de seguimento das recomendacións incluídas nos informes de fiscalización da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (exercicio 2010), do Instituto Galego de Oftalmoloxía (exercicio 2011) e da Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria (exercicio 2012)**

A necesidade de comprobación do cumprimento das recomendacións formuladas en informes anteriores é unha esixencia derivada da normativa reguladora do Consello, das recomendacións do Parlamento e das propias directrices de traballo establecidas polo Pleno.

O ámbito subxectivo, obxectivo e temporal do traballo é o definido nos informes de fiscalización que conteñen as recomendacións que serán obxecto de seguimento.

#### **II.3.3.5. Informe de fiscalización da responsabilidade patrimonial no ámbito do Servizo Galego de Saúde**

A proliferación e incremento do número de reclamacións patrimoniais por danos derivados da asistencia sanitaria e as súas contías amosa unha crecente importancia desta materia polos seus efectos en termos de custo económico e de funcionamento do sistema de saúde.

A fiscalización comprenderá a verificación do cumprimento do procedemento establecido, o exame do seguro de cobertura da responsabilidade patrimonial e a análise da incidencia que en termos de eficiencia e economía provoca a súa esixencia no ámbito sanitario.

### **II.3.4. ÁREA DE INSTITUCIONAL**

#### **II.3.4.1 Informe financeiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2015**

O Consello de Contas elabora anualmente, desde o exercicio 2006, un informe sobre a actividade económico-financiera das entidades dependentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. O Parlamento de Galicia insta de xeito recorrente ao Consello de Contas a manter o carácter periódico deste traballo.

O obxectivo deste traballo é analizar a situación económica do sector público instrumental da Xunta



de Galicia. En particular, o informe analiza a composición e evolución das entidades dependentes, a transparencia e calidade da información financeira que elaboran e a súa situación económica e orzamentaria, poñendo de relevo os principais riscos e incertezas que afectan á sustentabilidade orzamentaria.

### **III.3.4.2 Fiscalización dos plans de racionalización do sector público instrumental da Comunidade Autónoma**

Na actual situación de crise económica, unha das medidas adoptadas pola maior parte das Administracións, entre elas a galega, ten sido a aprobación de plans de racionalización e simplificación do sector instrumental. Este proceso suxire efectuar un seguimento dos plans aprobados e da súa aplicación efectiva comprobando o aforro ou custo das accións emprendidas, a legalidade dos procesos de reordenación, en particular en materia de persoal, e os obxectivos acadados coa reorganización. Con este obxectivo realizarase, en coordinación co Tribunal de Cuentas e os órganos de control externo autonómicos, un informe de fiscalización da reestruturación dos sectores públicos instrumentais.

O ámbito temporal abrangue desde o exercicio 2010 a 2015.

O ámbito subxectivo inclúe a todas as entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, excluindo as dependentes das universidades galegas, centrándose nas entidades extinguidas.

Os obxectivos xerais e o alcance dos traballos determinaranse en coordinación co Tribunal de Cuentas e poderán abranguer a comprobación do aforro derivado da aplicación do plan, a efectiva reordenación e simplificación de funcións, os procesos de baixa ou integración do persoal e o rexistro contable das operacións, así como a integración patrimonial dos entes extinguidos.

### **III.3.4.3 Fiscalización das universidades públicas galegas**

No exercicio 2015 aprobouse polo Tribunal de Cuentas un informe de fiscalización das universidades públicas españolas realizado en colaboración cos órganos de control externo, incluído o Consello de Contas.

A partir dos resultados destes traballos, incorpórase ao plan de traballo do exercicio 2017 a fiscalización da Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña.

O ámbito de fiscalización abranguerá a actividade económico-financiera desenvolvida polas tres universidades e as súas entidades dependentes, calquera que sexa a súa forma xurídica, durante o exercicio económico 2015.

Os obxectivos da fiscalización centraranse na valoración da súa situación financeira e orzamentaria. En particular, comprobarase se as contas anuais das universidades e das súas entidades dependentes se renden respectando as normas e principios contables que lles son de aplicación; verificarase a implantación e posta en marcha da contabilidade analítica e analizarase a situación financeira, o funcionamento dos plans de financiamento e o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria, seguindo a recomendación formulada polo Parlamento de Galicia; e avaliarase a evolución da xestión económica e o cumprimento da legalidade na xestión dos recursos públicos nas áreas que se determinen na planificación dos traballos.

#### **II.3.4.4. Informe de seguimento das recomendacións incluídas nos informes de fiscalización das cámaras de comercio galegas, exercicios 2010-2011**

A necesidade de comprobación do cumprimento das recomendacións formuladas en informes anteriores é unha esixencia derivada da normativa reguladora do Consello, das recomendacións do Parlamento e das propias directrices de traballo establecidas polo Pleno.

O ámbito subxectivo, obxectivo e temporal do traballo é o definido nos correspondentes informes de fiscalización que inclúen as recomendacións obxecto de seguimento.

### **II.3.5. ÁREA DE CORPORACIÓNS LOCAIS**

Procederáse á análise da rendición das contas das Corporacións Locais e demais organismos, entidades e empresas integrantes do Sector Público Local de Galicia, co obxectivo de verificar que a presentación das contas se realiza en tempo e forma, e que se cumpren as formalidades esixidas pola normativa aplicable. Os resultados desta análise darán lugar á formación da conta xeral das entidades locais, integrando as contas remitidas por aquelas tomando como criterio de integración os ámbitos institucional e poboacional, así como ao informe do Sector Público Local de Galicia.

Por outra banda, dada a amplitude actual do sector público local de Galicia e a variedade de fiscalizacións a realizar, así como a limitación de recursos dispoñibles para tal finalidade, corresponde ao Consello de Contas, de acordo coa iniciativa que lle concede a súa lei de creación, establecer os entes que serán fiscalizados cada ano, así como o tipo de auditoría a realizar.

#### **II.3.5.1. Análise da rendición das contas locais**

Tras a firma do Convenio subscrito entre o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas de Galicia o





27 de xuño de 2011, o proceso de rendición de contas por parte das entidades locais de Galicia é único e realízase a través da Plataforma de Rendición de Contas. De acordo co establecido no artigo 25.2 da Lei 6/1985, do Consello de Contas de Galicia, a Conta Xeral das Entidades Locais será rendida directamente ao Consello de Contas polo contadante responsable, no modelo e formato normalizado recomendado pola Resolución da Intervención Xeral da Administración do Estado do 28 de xullo de 2006.

Consecuentemente, o Consello de Contas procederá á verificación e supervisión do cumprimento por parte das entidades locais da obriga de rendición de contas, no soporte informático e co procedemento telemático establecido na Resolución do 26 de xullo de 2010 pola que se fai público o Acordo do Pleno do Tribunal de Cuentas do 20 de xullo de 2010, polo que se aproba a modificación da Instrución que regula estes extremos, e na Resolución do Conselleiro Maior do Consello de Contas de Galicia do 14 de xuño de 2007.

Esta labor de verificación e supervisión dá lugar á catalogación das contas recibidas nas categorías de contas rendidas en prazo ou fóra de prazo, documentación recibida con defectos de tal natureza que impiden a súa consideración como conta rendida, e contas non remitidas.

O resultado desta catalogación e a estatística correspondente será obxecto de publicación na web, no enderezo electrónico <http://www.consellodecontas.es/gl/menus-consello/sector-publico/sector-local>, para xeral coñecemento.

### **II.3.5.2 Conta Xeral das entidades locais, exercicio 2015**

Consistirá na formación da Conta Xeral das entidades locais, integrando as contas remitidas por aquelas tomando como criterio de integración os ámbitos institucionais e poboacionais, e incluirá:

- Balance de situación.
- Conta do resultado económico-patrimonial.
- A liquidación do orzamento de ingresos e gastos.
- O resultado orzamentario.
- O remanente de tesourería.
- Endebedamento.
- Indicadores.

Ofrecerá unha visión global sobre a situación económica do sector público local, incluíndo a

capacidade ou necesidade de financiamento do sector durante o exercicio, o aforro bruto e neto xerado, o resultado orzamentario e os remanentes de tesourería para gastos xerais dispoñibles.

Os informes agregados estarán dispoñibles a través do portal de rendición de contas do Consello de Contas de Galicia, no enderezo electrónico <http://www.consellodecontas.es/gl/menus-consello/sector-publico/sector-local>.

### **II.3.5.3 Informe do sector público local, exercicio 2015**

Consistirá na análise da rendición das contas de cada Corporación local e organismos, entidades e empresas dependentes, e incluírá:

- Análise da aprobación definitiva da conta anual.
- Análise da rendición das contas das entidades locais, co obxectivo de verificar que a presentación das contas se realiza en tempo e forma, e que se cumpren as formalidades esixidas pola normativa aplicable.
- Análise individualizada das contas das entidades locais.

Os informes individuais estarán dispoñibles a través do portal de rendición de contas do Consello de Contas de Galicia, no enderezo electrónico <http://www.consellodecontas.es/gl/menus-consello/sector-publico/sector-local>.

### **II.3.5.4. Fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos formulados polas Intervencións locais. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes**

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, modifica, entre outros, o artigo 218 do TRLRFL, establecendo que as Intervencións locais estarán obrigadas a remitir anualmente ao Consello de Contas a documentación relativa a resolucións e acordos contrarios aos reparos formulados. Para facer efectivo o cumprimento dese deber e regular dita remisión, ditouse a Resolución do 1 de febreiro de 2016, pola que se ordena a publicación do Acordo do Pleno do 27 de xaneiro de 2016 polo que se aproba a instrución relativa ao artigo 218.3 do texto refundido da Lei de Facendas Locais, en relación coa información sobre acordos e resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados por interventores locais e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa. De xeito que a remisión desa información debe realizarse a través da Plataforma de rendición de contas



Destas circunstancias, resulta de interese realizar unha fiscalización na que se verifique o cumprimento desta obriga de remisión e se examinen os resultados da información e documentación presentada polos órganos de Intervención das entidades locais de Galicia.

Como resultado da posta en común das programacións anuais no ámbito local do Tribunal de Contas e dos Órganos de Control Externo, acordouse que este análise dos reparos tivese vocación de continuidade no tempo. Cumprindo con ese compromiso, e ao mesmo tempo coa finalidade de atender aos acordos do Pleno relativos á toma en consideración das denuncias presentadas no Consello, no exercicio 2017 a fiscalización afectará ás entidades locais de tamaño poboacional de 10.001 a 20.000 habitantes.

Procederáse á análise e clasificación dos diferentes acordos adoptados en contra dos reparos formulados polas Intervencións locais, destacando aqueles que puidesen derivar en responsabilidade contable.

#### **II.3.5.5. Fiscalización selectiva daqueles concellos de poboación superior a 75.000 habitantes nos que os recoñecementos extraxudiciais de obrigas supuxeron unha maior porcentaxe respecto do total de obrigas recoñecidas durante o exercicio 2014**

Esta fiscalización estaba programada no plan de traballo do exercicio anterior, e a selección das entidades a fiscalizar realizouse en función da porcentaxe que supoñen os recoñecementos extraxudiciais de obrigas (REO) sobre o total de obrigas recoñecidas no exercicio.

Dada a proximidade do peche de exercicio, así como a dispoñibilidade das contas xerais do exercicio 2015, a fiscalización do Concello de Ourense, que é a única pendente para completar este traballo, referirase ao ámbito temporal do exercicio 2015.

A fiscalización de regularidade contable realizarase sobre as contas anuais ou os estados contables da entidade fiscalizada, e incluírá a revisión do cumprimento da normativa aplicable nas áreas seleccionadas para a fiscalización en función dos riscos detectados (orçamento, ingresos de dereito público, endebedamento e operacións financeiras, persoal, contratación de obras, servizos e subministracións, ou concesión de subvencións).

#### **II.3.5.6 Informe sobre o endebedamento das entidades locais de Galicia**

A petición do Parlamento de Galicia, incorporouse ao plan de traballo do exercicio anterior a realización dun informe sobre o endebedamento das entidades locais de Galicia, co obxectivo de realizar unha análise global da evolución do endebedamento suscrito polas entidades locais de Galicia, a partir da información dispoñible nas contas xerais rendidas.

Dada a proximidade do peche de exercicio, así como a dispoñibilidade das contas xerais do exercicio 2015, este informe sobre o endebedamento referirase ao ámbito temporal do exercicio 2015 e anteriores.

Os obxectivos xerais da fiscalización oriéntanse á verificación do cumprimento da normativa pública en materia de concertación de operacións de crédito, particularmente do cumprimento dos límites e réxime de autorizacións establecidos pola normativa na materia, así como da aplicación dos recursos do endebedamento ao financiamento de gastos de capital.

### **II.3.5.7. Fiscalización selectiva de concellos en función do volume de recoñecementos extraxudiciais de créditos, exercicio 2013**

Dentro deste epígrafe inclúese o remate das fiscalizacións en curso do plan anual de traballo do exercicio 2015, correspondentes ás fiscalizacións selectivas de concellos en función do seu volume de recoñecemento extraxudicial de créditos e que afecta as seguintes entidades locais:

Nome CIF	Habitantes	Recoñecemento Extraxudicial de Obrigas	Obrigas	%
Marín - P3602600C	25.483	1.383.113,17	12.891.186,66	10,73%
Oleiros - P1505900I	34.470	1.350.203,04	22.124.468,40	6,10%
O Barco de Valdeorras - P3201000-A	14.010	55.430,50	8.393.518,30	0,66%

## **III. PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN**

### **III.1. OBXECTIVOS XERAIS**

A colaboración coas entidades do sector público autonómico na implantación de sistemas de prevención da corrupción que permitan garantir o comportamento ético dos xestores públicos e, por outro lado, o fomento da concienciación e participación cidadá a favor da transparencia e dun comportamento íntegro, son os obxectivos nos que se enmarcan as competencias atribuídas ao Consello de Contas en materia de prevención da corrupción.

No primeiro ano de vixencia da Lei 8/2015, que outorga as novas funcións ao Consello, a Institución atendeu as tarefas de carácter interno e instrumental necesarias para o desenvolvemento desta función, como a constitución da Sección de Prevención da Corrupción, o desenvolvemento regulamentario da súa estrutura, organización e réxime de funcionamento, e mesmo o estudo do procedemento de xestión de denuncias presentadas ante o Consello de Contas.



No ámbito interno, a aprobación do Regulamento de Réxime interior do Consello (en trámite parlamentario) permitirá completar a organización deseñada coa posta en marcha da Comisión Técnica de Prevención da Corrupción.

No programa de actividades para o exercicio 2017, proposto pola Sección de Prevención da Corrupción, o Consello prevé iniciar as actuacións de avaliación dos sistemas de prevención en distintas entidades do sector público autonómico. O programa contempla, ademais das actuacións a desenvolver polas distintas áreas que se integran neste Plan Anual de Traballo, a presentación ás entidades públicas e á sociedade galega (medios de comunicación e opinión pública) das novas funcións do Consello en materia de prevención da corrupción e desenvolve as pautas organizativas e de procedemento para poñer en marcha as actuacións de avaliación, así como a metodoloxía de traballo que dote de rigor técnico a estas actuacións de avaliación dentro da nova función de prevención da corrupción.

### **III.2. ACTUACIÓNS DE AVALIACIÓN DOS SISTEMAS DE PREVENCIÓN**

As liñas de traballo de avaliación dos sistemas de prevención nas distintas entidades do sector público autonómico comprenden as seguintes actuacións:

- Elaboración e aprobación das directrices técnicas para análise da situación dos sistemas de control interno das entidades integrantes do sector público autonómico (entidades e ámbitos de control sobre os que actúa, fases temporais, metodoloxía dos cuestionarios, etc).
- Realización dunha avaliación do control interno de xeito diferenciado para o subsector Administración xeral da CA, subsector da Administración institucional e subsector Administración local, en base a cuestionarios sobre a situación dos sistemas de control interno das distintas entidades integrantes deses sectores, e conforme a proposta das Áreas que se detalla no apartado seguinte.
- Realización do estudo diagnóstico da situación dos sistemas de control interno das entidades integrantes do sector público autonómico e formulación de recomendacións por parte da Sección de Prevención da Corrupción do Consello de Contas ás distintas entidades sobre a necesidade de implantación de sistemas de prevención de riscos de corrupción.
- Elaboración e aprobación de ferramentas metodolóxicas para a implementación de sistemas de prevención de riscos de corrupción, singularmente guías técnicas de avaliación de riscos de xestión e de corrupción e modelos tipo de plans de prevención de corrupción, para a súa posta a disposición das entidades integrantes do sector público autonómico.
- Actuacións de difusión de conceptos esenciais de control interno, administración de riscos e

promoción da integridade, a través da páxina web do Consello de Contas.

### III.3. PROPOSTA DE ACTUACIÓNS POR ÁREAS

Seguindo a mesma sistemática que nas actuacións de fiscalización, diferéncianse as actuacións en materia de prevención correspondentes ao ano natural das incluídas no plan anterior.

Actuación	Programa	Área
Avaliación do deseño e implantación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos nas entidades locais do tramo de poboación de 10.001 a 20.000 habitantes	2017	CORPORACIÓNS LOCAIS
Avaliación do deseño e implantación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos nas sociedades mercantís do sector público autonómico da Comunidade Autónoma	2017	INSTITUCIONAL
Avaliación do deseño e implantación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos nas entidades dependentes do SERGAS	2017	SERGAS
Avaliación do deseño e implantación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos na verificación das axudas financiadas con fondos europeos	2017	COORDINACIÓN XERAL
Avaliación da transparencia na actividade contractual das entidades instrumentais. Exercicio 2015	2016	INSTITUCIONAL

A avaliación do deseño e implantación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos, abarcará o exame:

- Do entorno de control das entidades, a fin de verificar que fomente a integridade e valores éticos do persoal.
- Da estrutura organizativa, coa finalidade de examinar que definan unha clara asignación de responsabilidades.
- Das actividades de seguimento do control interno, a fin de asegurar que garanten a súa efectividade.

Esta revisión centrarase na avaliación do contorno de control, que é o que marca as pautas de comportamento da entidade e ten unha influencia directa na conciencia que teña o persoal sobre o control. Constitúe a base para os demais compoñentes do sistema de control interno, aportando disciplina e estrutura.

Para o desenvolvemento do traballo elaboraranse e remitiranse ás entidades afectadas uns cuestionarios para indagar: a) o respaldo e compromiso coa integridade, valores éticos e normas de



conduta da entidade; b) o funcionamento e supervisión do control interno; c) a estrutura organizativa e a asignación de responsabilidades.

En relación coa avaliación dos controis de seguimento implantados sobre a xestión dos fondos europeos, este traballo terá como finalidade verificar se se teñen deseñado e implantado sistemas de control e seguimento con posterioridade ao pagamento das axudas concedidas, e cales foron as actuacións documentadas do control exercido sobre os perceptores das distintas liñas de axudas financiadas con estes fondos.

As tarefas que se programan neste Plan de traballo darán lugar ao informe das actividades desenvolvidas pola Sección de Prevención da Corrupción previsto no artigo 20 da Lei 6/1985, que se integrará na memoria anual, e que recollerá o resultado das actuacións realizadas e, no seu caso, as propostas de mellora que se formulen para garantir a transparencia nas institucións públicas e reducir as oportunidades de fraude.

#### IV. OUTRAS ACTUACIÓNS

As novidades normativas derivadas da Lei 8/2015, de reforma da Lei 6/1985, do Consello de Contas, e da futura aprobación do proxecto de Regulamento de réxime interior, obrigan a abordar outros aspectos organizativos, de planificación e procedemento, entre os que se prevén:

- A posta en marcha da Comisión de Prevención da Corrupción.
- O desenvolvemento do plan estratéxico da Institución.
- O plan de ordenación de RRHH.
- O código ético-institucional do Consello de Contas.
- Os manuais de fiscalización.

#### V. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

O persoal efectivo destinado no exercicio 2016 á realización das funcións de fiscalización e prevención da corrupción, distribuído entre as distintas áreas, é o seguinte:

	Coordinación Xeral	Corporacións Locais	Institucional	SERGAS	Conta Xeral
Auditores/as	2	3	3	3	3
Técnicos/as Auditoría	3	5	4	4	4
Axudantes Auditoría	2	1	2	3	2
Auxiliares Administrativos/as	1	3	1	1	1
Secretarios/as	1	1	1	1	1

## **Plan Anual de Trabajo 2017**

O desenvolvemento do plan de ordenación de RRHH, previsto no proxecto de Regulamento de réxime interior do Consello de Contas, abordará o reforzamento das Áreas con novos postos de traballo vinculados ás novas funcións da Institución.

Neste exercicio empregaranse como ferramenta de auditoría as aplicacións TEAMMATE e BIRT ANALYTICS, manténdose a aplicación IDEA para análises de datos.